

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

No Rosal, a 17 de novembro de dous mil vintetrés.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial do Rosal, ás 9:17h constitúese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, do contrato administrativo de obras de “Reparación de camiños Couselo, Morraceira e Canas danados polas fortes choivas no Concello de O Rosal” integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Ánxela Fernández Callís como Presidenta, Dna. María Xosé Álvarez Diego, Secretaria Accidental do Concello, Dna. María Teresa Pérez Alonso, Interventora Accidental do Concello e D. Fernando Vicente Solla, arquitecto técnico do Concello, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. María Aida cabanelas Araujo, que da fe do acto.

PRIMEIRO.- A Mesa de Contratación, en reunión de data 31 de outubro de 2023 acorda entre outras, requirir ás seguintes mercantís para que en base á cláusula 13.4. das Xerais dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen nesta licitación e o artigo 149LCSP xustifiquen as súas ofertas anormalmente baixas:

- CONSTRUCCIONES VALE, S.L. (B36024933)
- ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B36494185)

SEGUNDO.- No prazo establecido, ningunha das dúas empresas presentan documentos para tentar xustificar a súa Baixa na oferta.

Por conseguinte, por unanimidade dos presentes, resolven excluír da presente licitación ás seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES VALE, S.L. (B36024933)
- ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B36494185)

TERCEIRO.- Tendo en conta o que antecede, procédese a valorar novamente as ofertas admitidas



LICITADORA	PREZO OFERTADO SEN IVE	PREZO OFERTADO CON IVE	VALORACIÓN PREZO	PUNTOS PRAZO GARANTÍA	PUNTOS PRAZO EXECUCIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	111.947,77 €	135.456,80 €	9,67	5	0	14,67
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	114.184,18 €	138.162,86 €	3,26	5	5	13,26

CUARTO.- Posteriormente, tendo en conta o que antecede, a Mesa de contratación propón á alcaldía, como órgano de contratación, adxudicar o contrato á mercantil CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA) – (A36008886) e por conseguinte, a Mesa acorda requerir a dita mercantil a que aporte a seguinte documentación conformeaos PCAP coa finalidade de proceder á contratación de referencia:

LICITADOR AO QUE SE REALIZA REQUIRIMENTO	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA)
PRAZO DE PRESENTACIÓN (prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío)	Martes, 28 de novembro de 2023
OBSERVACIÓN: Se calquera dos elementos que se relacionan estivese xa inscrito e figurase na certificación expedida polo correspondente rexistro oficial de licitadores, se podería acreditar a circunstancia co dito certificado.	Se realiza un resumo de elementos esixibles para facilidade do licitador. En calquera caso para mais detalles consultar os pregos, que prevalecen.
ELEMENTO	OBSERVACIÓNS / EXPLICACIÓN
(Persoas xurídicas) Escritura de constitución ou modificación.	Certificado ROLEC Galicia
(Persoa física nacional empresaria, ou representante da persoa xurídica licitadora) DNI	Certificado ROLEC Galicia
(Persoa física estranxeiro empresaria, ou representante estranxeiro da persoa xurídica licitadora) Pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo, no seu caso, ou calquera outro documento equivalente	Non procede



<p>(Persoas xurídicas) Escritura de apoderamento a favor do representante da persoa xurídica, bastanteadado</p>	<p>Certificado ROLEC Galicia</p>
<p>(UTE) cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e as circunstancias das e dos empresarios que subscriben as proposicións, a participación de cada unha delas designando a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, desempeñará a representación da unión temporal ante a Administración</p>	<p>Non procede</p>
<p>Acreditación solvencia: CLASIFICACIÓN segundo PCAP. A efectos de acreditar a solvencia, a clasificación que deberá ostentar o contratista que deberá ser seguinte: - Grupo G: Viales e pistas - Subgrupo 6. Obras viales sen cualificación específica o Categoría: 1</p>	<p>Non se esixe, é simplemente medio substitutivo de acreditación de solvencia.</p>
<p>Acreditación solvencia económico-financieira, segundo parámetros pregos: - Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato. O volume anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.</p>	<p>Non procede porque acredita a clasificación sustitutiva da solvencia.</p>
<p>Acreditación solvencia técnica, segundo parámetros pregos Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar os seguintes documentos: - Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron</p>	<p>Non procede porque acredita a clasificación sustitutiva da solvencia.</p>



<p>normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).</p> <p>O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.</p> <p>Nos casos de empresas de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a 5 anos, poderase acreditar por algún dos medios previstos nas letras b) a f) do artigo 88.1 LCSP.</p>	
Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social	Certificado ROLEC Galicia
Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria	Certificado ROLEC Galicia
Certificación positiva expedida pola Xunta de Galicia	Certificado ROLEC Galicia
Certificación de estar ao corrente de débedas co Concello do Rosal	Expide ORAL
Orixinal ou copia compulsada da alta no imposto de actividades económicas na epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto.	Certificado ROLEC Galicia
Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato	Non se require nos PCAP.
Documento que acredite a constitución da garantía definitiva. IMPORTE:	5.597,38 €
<p>Especialidades sobre a forma de presentación da garantía definitiva:</p> <p>I.- A garantía definitiva pode depositarse en metálico ou ben como aval ou seguro de caución. Se o documento leva sinatura electrónica poderá presentarse electronicamente, senón deberá presentarse o documento orixinal.</p> <p>II.- En caso de presentarse como aval ou seguro de caución (que se realizarán nos modelos dos anexos V e VI respectivamente do RXLCAP), en base ao previsto no art. 58.2 RCAP, deberá achegarse tamén a seguinte documentación (se admite presentación destes documentos escaneados):</p> <p>a) Ou ben o documento de bastanteo dos poderes do asinante do aval ou seguro de caución que no seu momento emitira a Avogacía do Estado da Caixa Xeral de Depósitos do Estado ou da Comunidade Autónoma.</p> <p>b) Ou alternativamente, a escritura de apoderamento dos asinantes do aval para poder ser bastanteado no Concello.</p>	



A continuación, a Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 9h 25min

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, trala súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

O Rosal, 17 de novembro de 2023

